Cicilia Maria Krohling Peruzzo
José Benedito Pinho
(Organizadores)

COMUNICAÇÃO E MULTICULTURALISMO



Cicília Maria Krohling Peruzzo
José Benedito Pinho
(Organizadores)

COMUNICAÇÃO
E
MULTICULTURALISMO

INTERCOM

UNIVERSIDADE DO AMAZONAS

São Paulo/Manaus
2001

BIBLIOTECA CENTRAL DA UNIVERSIDAD
SANTIAGO

SUMÁRIO

Apresentação vii
Cicília Maria Krohling Peruzzo

Prefácio xi
Walmir de Albuquerque Barbosa

PARTE I - DAS CULTURAS AO MULTICULTURALISMO

1. El Multiculturalismo y los Riesgos del Reduccionismo en Comunicación 3
Raúl Fuentes Navarro

2. Multiculturalismo, Comunicação e Interculturalidade: cenários e itinerários conceituais 13
Denise Cogo

3.Multiculturalidad, Diversidad Cultural y Comunicación 45
Teresa Velázquez

4. Multiculturalismo y la Supercultura 61
James Lull

PARTE II - MEIOS DE COMUNICAÇÃO, IDENTIDADES, INTERCULTURALIDADE E GLOBALIZAÇÃO

5. Amazônias: Sociedades Diversas e Culturas Múltiplas 101
José Aldemir de Oliveira

6. Mundialização da Amazônia: Processos, Contrastes e Expressões 113
Marilene Corrêa da Silva

7. A Comunicação Transfronteira e a Amazônia como Novo Éden do Mundo..... 153
Walmir de Albuquerque Barbosa

8. A Comunicação Transfronteiras e Interculturalidade..... 161
Marialva Barbosa

9. Multiculturalismo e Globalización: unha relación paradoxal .. 183
Margarita Ledo Andión

10. Desafios para os Medios en Rede: Aportacións á Interculturalidade 201
Xosé López Garcia

PARTE III - DAS METODOLOGIAS DE ESTUDOS DE RECEPÇÃO AO CONSUMO E RE-ELABORAÇÃO CULTURAIS

11. Dos Fluxos Comunicacionais aos Espetáculos Midiáticos: a Contribuição de Elihu Katz às Ciências da Comunicação..... 211
José Marques de Melo

12. Refletindo sobre os Efeitos dos Mass Media..... 215
Elihu Katz

13. A Perspectiva Teórica e Metodológica das Mediações 233
Maria Immacolata Vassallo de Lopes

14. O Consumo de Bens Culturais nas Culturas Populares: identidade reconvertida ou diversidade refuncionalizada?..... 253
Maria Salett Tauk Santos

15. MST: Atualizando a Memória de Exclusão e de Luta..... 277
Christa Berger

PARTE IV - MULTICULTURALIDADE NA FICÇÃO TELEVISIVA

16. Os Limites da Representação: os Mitos Amazônicos na Novela Brasileira 295
Luis R. Busato

17. Ficção Televisiva e Multiculturalidade 341
Sílvia Helena Simões Borelli

18. Aproximações à Telenovela: Os Encontros de Ressignificação 353
Maria Aparecida Baccega

19. Uma Pré-História das Minisséries Brasileiras 379
Narciso Julio Freire Lobo

O QUE É A INTERCOM 403

DIRETORIA E CONSELHOS DA INTERCOM 405

TÍTULOS DA "COLEÇÃO INTERCOM DE COMUNICAÇÃO" 407

Capítulo 9

Multiculturalismo e Globalización: unha relación paradoxal

MARGARITA LEDO ANDIÓN
Catedrática de Comunicación Audiovisual do Departamento de Ciencias da Comunicación da Universidad de Santiago de Compostela, España.

"Mi país se vió el país más rico del Caribe durante cinco años, para transformarse, en quince días, terminada la contienda, en el país más pobre del Caribe. Y así sucesivamente. Y desde la guerra del 14-18 nos hemos dado cuenta de que ya no podemos quedarnos al margen de la historia universal".

Foron palabras de Alejo Carpentier no transcurso dunha conferencia pronunciada na Universidade Central de Venezuela, en maio de 1975, palabras que remarcaron a entrada no século XX a traverso dun longo e inestábel proceso de mundialización que, con máis ou menos visibilidade, con meirande ou escasa velocidade, foise construindo con fendas, políticas dualistas, exclusións amáis do paladeo burdo dun discurso tecno-comercial que ben nos pudera arrastrar, ao 80 por cento da humanidade, á desaparición.

Días denantes, nun acto celebrado en súa honra na Aula Magna da mesma Universidade, Carpentier falou do "encuentro del indio, del negro, y del europeo de tez más o menos clara, destinados, en lo adelante, a mezclarse, entremezclarse, establecer simbiosis de

culturas, de creencias, de artes populares, en el más tremendo mestizaje que haya podido contemplarse nunca".

Canda este perfil de intelectual que intervén no seu tempo e que é, pola súa vez, producto do seu tempo en se achegando ao diferente en tanto diferente dende a consciencia da súa cultura múltiple, queremos situar o tipo de entrada que escollimos para falar da relación paradoxal, e coido que imposíbel, que enxergan entre sí Multiculturalismo e Globalización.

Non é nova a mundialización, nen a hibridación é un efecto das redes. O que seguramente sexa novo – porque nos cómpre unha árdua reflexión –, para o que quizaves non teñamos referentes sobre os que evoluir, o que seguramente é producto dunha outra fenda é o dominio da ideoloxía tecnolóxica, o que Wolton chama o 'tropismo técnico', ao abeiro de mudanzas estructurais, nunha fase na que o sistema mudou e extremou os seus mecanismos para acumular capital deixando tocado o cadro de diálogo, de negociación, que as relacións de producción articularan nos derradeiros douscentos anos. Neste temor, investigadores como Mattelart únense a quen postulan unha necesidade urxente de retorno á independencia na abordaxe científica do real ao nos dicer: "creo que a cuestión da técnica é un problema que non fixo seu a cidadanía como problema da democracia" e lembra que xa nos vinte Freud tiña tratado do desacoplamento entre a técnica e mais a sociedade.

"Facer o mundo máis lexíbel" fora a consigna que lanzaba Abraham Moles dende a Escola de Ulm, para darlle un designium ao Design, e como saída á superficie do interés polo espacio común nos anos cincuenta, após ese paréntese que encrequenamos nas siglas IIGM. É a mesma frase que nos incumbe, cando falamos nun Foro de debate e cando, coma min, falo dende a diferencia entre Estado-nación – en plena crise de enfeblecemento – e nación sen Estado –

tentando, outravolta, incorporar no común unha reivindicación de soberanía que acompañou os sistemas progresistas na España, unha variante contra do imperialismo, como o foi no dezanove o fiminismo fronte á dislocación da muller para o espacio doméstico, ou o seu contrario, o racismo, como necesidade da fase expansiva e colonial con que os Estados democráticos entraron no século XX.

Estamos a piques de pasar, segundo Willerstein, do sistema-mundo, un sistema en que o vínculo universal co territorio se establece dende a pertenza – de seguido pararemos en Rancière –, sexa republicana, sexa comunitarista, a un sistema incerto que me trae para a man un film premonitorio de Basilio Martín Patino, *La Seducción del Caos*, onde a personaxe virtual é, precisamente, a televisión.

"Se a ciencia é algo máis que unha confluencia de intereses – patentes, publicacións, congresos, dogmas enlatados para defender o mínimo cambio (...)", advirte García Suárez, un matemático galego experto en migracións, "(...) a influencia do ambiente non debe incapacitar ao sistema científico na súa totalidade", coincidindo no diagnóstico con outros muitos colegas verbo da situación no linde que enfrentamos quen temos o chamado 'obxecto de estudo' no campo de tiro cruzado da industria da comunicación e da cultura.

O maxisterio de Shiller, a insistencia de Chomsky, as conclusións de Breton e Proulx, todo nos conduz cara o reforzo do corporativismo capitalista e para o control sofre a esfera política: "This does not imply that the state has lost its taste for controlling individual expression. It means instead that a more pervasive forcehas emerged that now constitutes a stronger and more active threat to such expression" sinala o profesor Shiller achegándonos, na sús preocupación, a un outro film, a *O correr dos días*, dun outro autor, Win Wenders, na escea en que dúas das persoaxes, en pasaxe cara os lugares da infancia, lén grafittis no interior dunha caserna na fron-

teira alemana e refírense aos americanos coa frase "téñennos colonizado o subconscente".

Poderíamos, asi, seguir citando aos estudosos, a Manuel Castells, por exemplo, e para comprobar como todos nos poñen diante dos ollos a cuestión da exclusión ou, naqués mais próximos a programas políticos, a importancia do espacio nacional: "La mondialisation de la communication, contrairement à ce qui est dit, va radicaliser les différences des perceptions, liées elles-mêmes aux identités culturelles". Dominique Wolton.

Craro que, pensarán vostedes, Wolton fala de Estado-nación. Seino, seino ben, contéstolles eu, fala do Estado-nación e fala, sobremaneira, dende Francia. Pero tamén fala dende Francia Jacques Rancière, e se mete por entre razóns fundamentais das mudanzas ao analisar o devalo das relacións Estado-cidadán, un devalo que impón o neo-liberalismo, e fala, Rancière, doutros actores "qui sourent le conflict sur l'appartenance et définissent de nouveaux cas d'universalilté, des nouvelles formes de manifestation de la citoyenneté en acte". É a perspectiva na que estou interesada, igual que me interesa aprender do antagonismo entre o pensamento culturalista de dominante norteamericana, a visión da cultura como comunidade de pertenza que integra os individuos a sistemas de relación e de fins comúns –alleos ao mercado- e a de carimbo francés, tamén fundada na pertenza, na vontade colectiva encarnada no Estado, como dereito de participación.Interésanme porque ámbalas posicións reprodúcense, ao longo da historia, no nacionalismo galego, con predominancia para a republicana. A visión crítica das mesmas quizaves veña encontrarse con debates como o que recolle o monográfico *Être ou ne pas être québécois*, editado polo Departamento de Socioloxía da Universidade de Québec en Montréal, un debate que sitúa as tranformacións da forma de Estado, do Estado

en tanto modalidade de regulación política da sociedade, e os dilemas arredor das súas relacións coa economía-mundo, co carácter cada vez máis instrumental e funcional dos sistemas sociais que despoxan a acción humana da súa capacidade de incidir no percurso histórico. Eís, para nós, un dos pontos a aprofundar no caso español como posibilidade multicultural.

Diferentes identidades, certa institucionalización da diversidade co chamado eufemísticamente "Estado das Autonomías", as súa sempre mal apañadas relacións con Portugal e con Latinoamérica, da súa pertenza á Europa Sul... a ideoloxía asimiladora do Estado e da política española inviabilizou, ate de agora, calquera diálogo, manténdose activo tanto o conflicto de representación cidadán como a inestabilidade, tocante á pertenza, en cadanseu espacio nacional. O nacionalismo español asegúrase a un espacio e un goberno "nacionais" como modo de negar a existencia doutras nacións e sen pararse a discutir se a soberanía é ou non a fórmula para a procura de "novas políticas que resposdan aos retos actuais", cito dende a reflexión québécois.

De feito, no cadro Europeo, definido por relacións inter-culturais mais que multiculturais, cada nación do Estado español establecemos vencellos que non pasan necesariamente por Madrid se non pola historia, o imaxinario, a tradición económica ou o novo rol político que pretendamos ou sexamos quen de asumir. Galicia e a área nórdica, por exemplo. Ou, se iso for, posíbel, Galicia e Portugal.

Aínda que semelle voluntarista, eu estou por entender o fracaso das propostas teóricas, no noso caso dende a área da comunicación, e das políticas culturais, como resultado da febleza do noso própio proxecto, como indicio de desvio, dínos Althusser, que fai unha lista de categorías a traverso das que son pensadas esas desviacións: economicismo, evolucionismo, humanismo, empirismo,

dogmatismo... Deste xeito entroncaríamos axiña coa ideoloxía tecnofila, coa crenza na rede de redes como solución final. E estou por calificarnos, a nós, de volterianos segundo o perfil que deste persoeiro fai Toni Negri nun artigo, *Voltaire Político*, en que o caracteriza por una alta dose de oportunismo, de non promover proxectos de longa duración, de no poñer as súas forzas ao servicio dunha causa. O que a min me atira, o que me fai re-enviar esta calificación e a actitude de Voltaire cara o presente, é a ampliación da verdade do real que efectúa o filósofo italiano para, despois de situárnoslo, a Voltaire, como chaquetero, incoherente e incluso traidor, obligarnos a entrar na complexidade, achegarnos ao paradóxico para facernos dubidar do mismísimo espíritu da Ilustración e plantexármonos por qué nos é simpática a política de Voltaire. "Te atrapa – cito dende o artigo publicado en 1994 no diario *El Mundo* – cuando observas de qué manera "el viejo loco" tendía a la acción; sientes que tiene razón cuando adviertes que el oportunismo es usado para obligar a todos a mirar al presente, y para afirmar que en el mundo de las Luces y de la burguesía naciente no hay lugar para la utopía... Voltaire hace política, al igual que hacía filosofía e historia, pensando en el presente".

Pensando nun presente que pode mirarse dende a televisión, o ámeto no que agora nos imos adentrar a partir dos seguintes supostos:

1. Partimos non só da necesidade se non da inevitabilidade da TV de servicio público, e así terá de ser de crermos na democracia, no dereito á comunicación e mais á cultura, se pensamos na mundialización en plural, se pensamos Europa en plural.
2. Avaliamos como positiva a evolución e as contradiccións da derradeira década e certa resposta, tamén dende as própias institucións europea, á lóxica das telecomunicacións.

3. Preocupounos localizar liñas de actuación en vencello con custións identitarias e situamos a televisión nos seus respectivos contextos nacionais.

4. Fomos procurar textos das institucións europeas, publicacións das autoridades de regulación, autores académicos e, de maneira especial, informes e debates propiciados polo EIM no Foro Europeo do Cinema e da TV, un Foro que naceu no 89 (o ano da TVSF) e no que están representadas compañías de TV, autoridades de control, productoras, asociacións de espectadores, empresas da industria electrónica, consellos asesores e algún que outro investigador.

Pensen, antes de máis, que non se trata de ver a TV como material encol do que especular se non como condición para a práctica do dereito á comunicación e mais á cultura, como parte da industria da comunicación e da cultura – funcións de producción, de compra, de difusión –, como parte das relacións de intercambio co diferente en tanto diferente –relacións interculturais –, e como un activo na política de representación: como te ves, como te ven, como te queren ver, como te queres ver.

Imos asemade, por cuestións de método, deixar nas marxes o actual modelo comercial que caracteriza o sistema televisivo español, sob o signo da Pub e da distorsión voluntaria nesa atadura ao que "a xente quere-a xente ve" co que adoito se xustifica a programación e onde acostuma residir a confusión interesada entre efectos e causas, e imos deixar para outra ocasión as razóns de por que non se tenta coñecer ao público, aos públicos – ao contrario do que tentou a canle pública inglesa coa investigación 'BBC People and Programs', onde incliu variantes nacionais, étnicas, de xénero, por edade... – e muito menos se pretende crear un público, como fixo ARTE, co seu 12 por cento e a súa imaxe de innovación nos formatos, e pola contra se garda fidelidade a promoción lisa de

espacios, situándoos en *prime time* e desenrolando falsas pescudas que se articulan en torno a unha enquisa - semi ou dirixida - que fala dende a oferta en curto e que non contempla, dende fóra, cuestións como diversificación de xéneros, expresión das minorías, tamén das nacionais, ou discusión entorno á calidade, coma se fora inabordábel, iso da calidade dende dentro da cultural televisiva – dende a profesionalidade, dende os medios técnicos e a cultura comunicativa, dende os valores e as esixencias dunha sociedade, dende o concepto craro e preciso que lle debemos a o arquitecto portuense Fernando Távora cando a sitúa nas relacións de identidade co seu tempo e coas condicións nas que unha obra se produce –, como se a calidade non tivera múltiples rexistros e se definira nun proceso permanente de xiros, de recambio de códigos e de convencións mesmo dende o que é específico da TV – a serialidade, o hiperrealismo do Plató, a fragmentación, as personaxes con que se representa a TV.

Imonos xa para os estereotipos que enmarcan a TV, para ese lugar común que nos falou ate agora de monopolio e que evita, entroques, palabras como concentración.

O primeiro apontamento usámolo para identificar a fase inaugural da televisión, no albor do século da sociedade de comunicación de masas. Un monopolio soamente poderá ser aceptábel si é de propiedade pública e se se ve libre das influencias políticas e económicas, díxonos o primeiro Director Administrativo da BBC, John Reith, no comén da década dos vinte para xustificar a TV pública e engadíu, asemade, que a radiodifusión estará sempre regulada. Se non é polas regras sociais, ha ser o mercado quen impoña as súas, remarcou. E con este principio tan diáfano incidíu na incorporación da TV ao espacio público tal e como influira no 1839 o discurso do político republicano Aragó na Academia das Artes e das Ciencias parisina para que o Estado francés adquirira a patente da fotografía

e garantira o seu uso universal. Porque o termo universal, ou internacional, xa existía e non é unha creación da tecnoloxía.

Retomando a frase de Carpentier, daquela, no 1924, xa eramos capaces de prever que a técnica e mais o mercado, na súa mesma evolución, podería ocuparse de todo e xa sabiamos que andabamos por entre a mundialización e que estabamos de cheo imbuidos pola teoría do progreso, polo culto ás forzas productivas, pola expansión colonial e pola política a favor, ou en contra, da propiedade do capital. E tamén por todo iso, como a día de hoxe pasa con Internet e coa exclusión da rede do 80 por cento da humanidade (informe de Nacións Unidas), o século crebou.

O segundo apontamento pónnos na pá da man o estouro da oferta, ese fascinio. "A orientación da política europea nos 80' colocou ao mercado como determinante para o desenvolvemento das emisións (...) pero hoxe – fala no 1996, o ano en que comezaba Teilifis na Gaeilga, TnaG – recoñécese que a simples creación de novas canles ou novos medios de distribución non tran a diversidade de fontes de programación que o cidadán europeo pode disfrutar (...) A verba servicio é o elemento-chave para entendérmonos: dirixámonos á audiencia como cidadanía, non como consumidores; miremos á xente que servimos como comunidades non como mercados" argumentou Bob Collins, director adxunto a Radio Teleifis Eireann no Forum de Amsterdam do EIM.

E pechamos o circo co apunte número tres, dende a mesma área xeo-política, cunha referencia preciosa da profesora do Instituto de Tecnoloxía de Dublín, Ellen Hazelkorn, a propósito do estereotipo de Irlanda como un país de desenvolvemento tardío, cun sobexo de actividade agrícola e vencellada á cultura da emigración que, de súpeto, pasa a ser coñecido coma "o tigre celta". Dende mediados dos oitenta, fainos saber a profesora Hazelkorn, a política irlandesa

centrouse na industria electrónica, con interés especial na difusión de información e de productos culturais e seguiuse unha estratexia de formación superior que uniu a creatividade coa tecnoloxía amais de contemplarse a diáspora como beneficiosa, como un mercado potencial, na era dixital e na era Internet. "Gracias a que os productos culturais –cito literalmente un seu artigo publicado no núm.6 dos Cadernos do CAC, Conseil de l'Audiovisual de Catalunya – dos que semella que Irlanda dispón sobradamente, serán moi importantes no vindeiro milenio, as industrias culturais – a emisión electrónica, os medios escritos e a publicidade, o multimedia e as artes dixitais, o cinema e as artes interpretativas – son consideradas polos políticos como o centro configurador do futuro económico de Irlanda".

E a TV pública, como servicio público, tamén pode estar no centro desta operación. As privadas sábeno, arestora, ben. Eís a meirande orixe das queixas nos tribunais de defensa da competencia, os enfrentamentos coa BBC para que non desenvolvera a ponla *on line* ou establecera *joint ventures* para formulas de pago. Eís tamén o acerto de S4C creando SDN e o Digital College a partir do concepto de "learning region". Porque o máis doado sería extinguirse no vello modelo administrativo/liberal, no "laisez faire" como "dolce far niente" e non dar o paso a un modelo que resposte aos parámetros da industria da cultura (sempre me refiro a cómo estou usando a palabra Cultura como a construcción que lle permete a unha colectividade expresarse, lexitimar as súas pautas de comportamento, aproveitar e facer rendíbel o seu entorno e que collo de Armand Mattelart dende A Comunicación-Mundo), coa tecno-esfera como unha das variantes que organizan cada posibilidade, tamén o rendemento, tamén a producción de contidos, tamén a construcción da identidade, da cidadanía, da soberanía, tamén a visibilidade na sociedade do coñecemento e que resumín na consigna 'A identidade como recla-

mo e como mercado' para un curso de verán a comén dos anos noventa. Teño para min que nese diálogo está a nosa comprensión, á día de hoxe, da TV de servicio público.

Imos, agora, fixarnos na experiencia europea; no camiño percorrido en vinte anos; nun camiño diverso e intenso. Dende o Informe Bangemann (DX IV da Comisión Europea), sob o signo do culto á tecnoloxía e á uniformización, consecuencia natural das estratexias de optimización dos mercados, e ate os ensaios (fallidos, pero ensaios na fin) do mercado unificado europeo do audiovisual, como pistoletazo de saída para unha sorte de inxenieiría xenética de onde ía emerxer o prototipo de espectador europeo para o producto europeo *mainstream*, experiencia que deu por todo resultado o "europudding" e, como face positiva, a fortuna de ter que defendérmonos coa "excepción cultural" e de metérmonos, ao fin, polo mundo real do esceptiscismo dos investigadores críticos que dubidaron da existencia dunha cultura europea única e en singular.

Mentres todo iso acontecía pairaban dous vieiros á par: o dos que, dende a política, observaban o proceso como parte do acceso da cidadanía a novos ámetos e a outras responsabilidades, e o dos que seguían confiando en que o mercado debería ocuparse de todo e pulaban -e seguen a pular- pola desregulación e mais pola concentración. Pero mesmo a concentración rematou por ser colocada en entredito na Conferencia de Birmingham, ano 98, mentres se puña a énfase na distribución e se constataba o auxe das producciónS de carimbo nacional, incluidas, como tan ben saben as teleseries. O chanzo máis fleve, e máis visíbel, o cinema, servirá como campo de probas e en diante atraerá a todas as olladas.

Exemplo desta nova mirada podería ser a do consultor da UE Patrice Flichy, que advirte que da anterga triloxía "informar, entreter, educar" o derradeiro non forma parte da TV, que está a ser

sustituida pola difusión de coñecemento, que a información pasa por ser "plural e de calidade" e que o entretemento oriéntase para o apoio as películas nacionais de ficción, lembrándolle ao Estado a obriga de difundir a lingua e a cultura no exterior.

En que se ollan asím as condicións semellan estabilizadas. Os primeiros resultados dos anos de proba comenzan a se sistematizar. Por exemplo, no que fora o "laboratorio italiano", ese lugar das experiencias temperáns do cabo e do local mentres se afirmou o duopolio e a perda de identidade da pública, arestora apreséntanos un panorama saneado para a RAI, e non só contábel se non avaliábel. A diversificación de xéneros dacordo con públicos tamén diversos – seguindo o modelo BBC – e a elaboración dun contrato-marco onde se especifican os ámetos de programas de servicio público: noticias, información, cultura (da arte ao cinema alternativo), servicios (medio ambente ou vellez), nenos e xoves, esportos... e onde se inclúen investimentos nos productos europeos e mais italianos, o apoio ás culturas locais, a cualificación técnica e de xestión das canles, as actividades no ámeto das novas tecnoloxías sobremaneira para os servicios multimedia, vía satélite e dixital terrestre, a contabilidade analítica (actividades financiadas polo canon e pola pub) etc., etc. A relación ente canon e publicidade, TV pública/privada, o control e influencia do poder político seguen a debate mentres se analisa o papel da canles temáticas de cara a usuarios especializados, a organización empresarial, capacidade productiva, a cuestión -convertida en nodal- da calidade ou o papel da TV como TV pública no eido da innovación.

Dende Galicia, nos adoitamos facer análises comparativas cunha área cultural intraeuropea, no chamado "Arco Atlántico", que conforman Irlanda, Gales, Escocia e Bretaña, unha área que reflicte a complexidade histórica e os múltiples factores que nos unen a traveso

de lazadas culturais tradicionais – atopámolas na música de raigame ou na literatura oral ademais de na mitoloxía e das construccións rituais ou no nomadismo –, e facémolo, como tantas veces levamos dito, porque existe un exemplo visíbel, S4C, que conseguíu o milagre de ser unha TV política nacional, competitiva, de calidade, que botou a andar un ambicioso proxecto dixital que non somente abranxe a emisión se non a aprendizaxe e as aplicacións no ámeto das relacións de intercambio. No noso caso son froito dun par de programas de pescuda cuxos resultados están publicados e que, co soporte da DX XXII, liña orzamentaria de apoio ás linguas minoritarias, fixo a posta ao día do sector en cadanseu país, de cara a contextualizar cal o rol dos diferentes actores e crear unha base de datos das productoras coa fin de que puideran localizar posíbeis parceiros para a co-producción, o intercambio, a distribución.

Chegados a este punto, un síntoma de recúo - en termos de poder - ao confronto entre a Europa das Identidades e a Europa das Corporacións emerxe no horizonte da nosa pescuda e localizámolo arredor dos obxectivos da súa terceira fase, que foi rexeitada en instancias da Comisión Europea, xusto a fase que xustificaba a súa necesidade na contribución á creación de infraestructuras para manter a industria na área de referencia, as cinco nacións, vis a vis do proceso de dixitalización e de concurrencia do mercado global. Unha iniciativa encamiñada a definir aplicacións telemáticas para vencellar os diferentes activos – incluidas as cáseque cincocentas SME's de sete países – da paisaxe mediática, viuse desasistida xusto cando os textos oficiais falan en senso inverso e que nos deixou, as persoas involucradas no proxecto, interrogantes que imos comezar , agora si dende a teoría, a analisar.

Mais neste inte interesa írmonos para unha outra experiencia onde enmarcar o tipo de posibilidade que estamos a deseñar para a

TV pública, írmonos cara unha área de ligames lingüísticos e tamén culturais, en que dende 1959 as TV públicas estableceron un servicio de intercambio de programas e de equipos, na que se meteron nas co-producciónS e que no 1998 emitiro perto de 2 mil horas de programación, 606 libres de cárregas, por riba do fluxo cotián de noticias e de teletexto, descrebe o coordinador, Steffen Johanssen, Northvision dalle cobertura a 6 países – Dinamarca, Finlandia, Noruega, Suecia e Finlandia – con 23 millóns de persoas afeitas á subtitulaxe, e ten unha estructura moi sinxela de funcioanamento, sen ningunha clas de estatuto legal, con capacidade para ter circulando 300 co-producciónS en documentario infantil, drama, pasatempos e mais educación. NV opera a tres niveis de coproducción: no da creación, no do intercambio e no do financiamento.

O que houbo, en definitiva, foi certa mudanza no xeito de pensar os Media, a TV pública e, en suma, a política de comunicación. Pasouse de facer compilación e descripción – é exemplar a contribución de Josephine Dries e mais Runar Woldt, tamén do EIM, á Conferencia da UER en Dusseldorf, no 96 – a propósito da longa experiencia, do capital en arquivos, do seu papel como integrador, dos servicios públicos de radiodifusión, a consideralos un componente constitutivo da democracia e da mudanza terminolóxica que vai do termo "autoestrada" ao de "sociedade da información".

Ate chegarmos a falar de "Identidade europea vs. Identidades", unha das interrogantes de Claude Contamine, o relator do Foro, a partir dunha posición empirista de doada localización, de Europa, é dicer, moitas linguas, diferentes espacios, reforzo do patrimonial... cando expresa o seguinte: "Beyond media, intellectual ans artistic creation, should the cultural exception be accompanied by public service policies in Europe? Are these policies, protective measures,

finalcial support and sponsorships legitimate, sufficient and efficient?" Restan, pois, os programas de acción. E as pontes entre culturas, cito a Deirdre Kevin: "as regards a share sense of identity in Europe there are certainly generally accepted values such as the respect for human rigths, rule of law and tolerance, and common traditions based on democratic institutions, a free and pluralistic media and public service broadcasting.These issues provide a basis for elements of a common political or civic identity (...) TV, in particular, is regarded in many countries as a promoter of national and regional identities; specific regulations are in force to ensure that broadcaster fullfill certain cultural obligations", sen que nos poidamos esquecer das transferencias entre o analóxico e mais o dixital, das novas posibilidades de distribución, de que a DTV potencia a diversidade de contidos, de que a TV pode transmitirse en base a protocolos Internet, en vivo ou a petición dos ususarios e, singularmente, remarca Michael Knauth, a consciencia de que cómpre garantir o acceso a contidos non comerciais: "Public service broadcasting is a balancing element in the digital media system, which is able to provide trust, orientation and professional production and selection of content".

A TV unha ponte entre culturas, un lugar para a relación multicultural, rematamos cunha referencia optimista a TV5, unha TV transnacional de carácter xeralista, é dicer cunha grella en base a informativos, ficción e concursos, coa súa orixe a partires de tres públicas e que difunde seis sinais, para Francia/Suiza/Belxica, para a Europa non francófona, para Africa, para Asia, para Oriente, e para Québec, que amplía o seu programa á rexionalización e a súa fórmula a Internet, e tamén a un proxecto de TV cultural para un espacio político-cultural que une a Francia e ao Québec - quizaves o poderiamos discutir para a lusofonía – con dúas candidaturas, dous modos de entender a tele, avaliadas o pasado xuño na CRTC. Unha

delas, "Télé des Arts" tén de parceiros La Sept Art, Radio-Canada, Télé-Québec, L'Equipe Spectra (Festival Internacional de Jazz de Montréal, FrancoFolies, Montréal en Lumière)... O modo de intervir, esta é a nosa opinión, na paradoxa entre Multiculturalismo e Globalización.

Referência Bibliográfica

Arendt, H. *La Crise de la culture*, Gallimard, 1972.

Badiou, A. ¿Que é o que Louis Althusser entende por 'Filosofía'?, In: *A Trabe de Ouro*, publicación galega de pensamento crítico, núm. 6, Tomo II, Ano II, 1991, Abril-Maio-Juño, ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

De Certeau, M. *La Culture au pluriel*, PUF, 1991.

Elbaz, M., Helly, D. (ed.).- *Mondialisation, citoyenneté et multiculturalisme*, L'Harmattan, Les Presses Universitaires de Laval, 2000.

Feenberg, A. *Alternative Modernity*, University of California Press, 1995.

García Suárez, X. *Fendas na Caverna*, Xerais, Vigo, 1998.

Lloyd, D., Thomas, P. *Culture and the State*, Routledge, 1998.

Mattelart, A. Para unha historia da utopía planetaria, conferencia pronunciada no CCG, Santiago de Compostela, 18 de outubro de 1999.

Shiller, H.I. *Information Inequality*, Routledge, 1996.

VV.AA. Être oou ne pas être québecois, *Cahiers de Recherche Sociologique*, n.25, 3. Trimestre 1995, Dép. De Sociologie, Université de Québec à Montreal.

Wallerstein, I. *L'Utopistique ou les choix politiques du XXI siècle*, Ed. de l'Aube, 2000.

Wolton, D. *Internet, et Après? Une théorie critique des nouveaux médias*, Flammarion, 2000.